

«NOME»  
«ENDEREZO»  
«MUNI»  
«C\_P\_» «PROVI»

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2008

Estimad@s amig@s:

Contactamos novamente con vós en relación á fase preparatoria do novo programa Leader de Galiza 2007-2013.

Unha vez concluídas as charlas de información e difusión que se foron organizando por toda Galiza, é o momento de ir dando pasos para a configuración dos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) que van levar adiante os programas.

Para axudar nese labor, remitímosvos a relación de entidades do voso ámbito territorial, a efectos do GDR, que fixeron chegar a Agader, a través do procedemento previsto, a manifestación do seu interese en participar no programa.

Nalgúns territorios é posible que xa algunha ou algunhas entidades tomaran a iniciativa para ir dando os primeiros pasos cara a configuración do correspondente GDR. Nese caso é necesario que se contacte ou se convoque a todas as entidades do listado adxunto, porque Agader comprobará que as candidaturas que se presenten unha vez aberta a convocatoria inclúan en cada territorio como membros do GDR, polo menos, todas as entidades que manifestaron o seu interese en participar.

Posiblemente haxa territorios nos que ninguén tomase aínda a iniciativa. Neste suposto pretendemos que a información facilitada con este listado sexa de utilidade para ir establecendo os primeiros contactos.

Cómpre aclarar que estes listados non son en ningún caso exhaustivos e que seguramente en cada zona haxa moitas máis entidades interesadas en participar. Os que vaiades promovendo a configuración de cada GDR tedes que procurar a maior difusión posible dos pasos que ides dando, para que se poidan ir sumando todas as entidades que queiran.

Somos conscientes de que o proceso de constitución dos GDR ten as súas complexidades, pero é consubstancial á metodoloxía Leader que este proceso sexa protagonizado e dirixido polos axentes do territorio, e polo tanto a Administración galega non pode nin debe organizar desde arriba a constitución dos GDR. Aínda así, se nalgunha cuestión precisades da nosa axuda non dubidedes en contactar con nós, que tentaríamos colaborar no posible.

Nos próximos días será publicado na páxina web de Agader o mapa coa delimitación territorial dos GDR, tal como queda unha vez analizadas as observacións e alegacións presentadas á proposta inicial elaborada no mes de xaneiro. Ademais, para facilitar o voso traballo, está xa dispoñible nesa páxina web un modelo de Estatutos dos Grupos de Desenvolvemento Rural. Finalmente, en datas próximas poñeremos tamén á vosa disposición na páxina web de Agader unha Guía de Apoio ou Guía Práctica sobre o proceso de elaboración das candidaturas para o programa Leader 2007-2013.

A nosa previsión neste momento é que a primeira convocatoria para a selección de GDR sexa publicada oficialmente no DOG cara finais de abril de 2008, establecendo un prazo de 3 meses para a presentación de candidaturas. Iso significa que as candidaturas, xunto coa documentación correspondente, teñen que estar preparadas no período abril-xuño ou maio-xullo de 2008.

No plano operativo, de cara a ir avanzando na configuración dos GDR e na elaboración das candidaturas ao programa Leader de Galiza 2007-2013, suxerimos a seguinte secuencia ou pasos prácticos:

1. Sería interesante que, logo dos primeiros contactos, se constituise en cada un dos territorios delimitados no mapa, unha comisión xestora do futuro GDR, máis ou menos formalizada, na que houbera representación do conxunto de sectores e dos distintos concellos que conformen o territorio.
2. Esa xestora sería a encargada de ir contactando con máis entidades, de cara á súa incorporación ao GDR.
3. Ese proceso debe culminar coa celebración dunha Asemblea constituinte do GDR, na que como mínimo: se aproben os Estatutos do GDR, se elixa unha Xunta Directiva e outros posibles órganos, e se estableza o plan de traballo para elaborar o programa de desenvolvemento e os restantes documentos necesarios. A esa Asemblea constituinte terán que ser convocadas todas as entidades do territorio que manifestaron formalmente o seu interese en participar no GDR, ademais das que expresen o desexo de incorporarse ao longo dos contactos previos.
4. Despois desa Asemblea constituinte, co GDR xa formalmente constituído, cumpriría comezar a definir a estratexia ou programa de desenvolvemento para o territorio. Este proceso de planificación será máis proveitoso canto máis participativo sexa e canto máis parta das necesidades e propostas dos axentes do territorio.

Para todos eses pasos e tarefas podedes contar sempre co apoio técnico do persoal de Agader en todo o que consideredes de utilidade. Pero tendo sempre claro que sodes os axentes de cada territorio os que tedes que tomar a iniciativa e pilotar o proceso.

Animámosvos a traballar no proceso para que esta ferramenta con tantas posibilidades, como é o novo programa Leader de Galiza 2007-2013, poida ter un efecto realmente positivo nos vosos territorios. Se tedes calquera dúbida contactade con Agader nos teléfonos 981 547369 ou 981 547365 ou no enderezo de correo electrónico [area.programas.agader@xunta.es](mailto:area.programas.agader@xunta.es)

Un cordial saúdo.

O Director Xeral de Agader

Edelmiro López Iglesias